



nota de prensa

## Veciñanza inicia a precampaña electoral en Cuntis cun encontro veciñal aberto o venres 1 de marzo

*O vindeiro venres, 1 de marzo, ás nove da noite da Casa da Cultura "Roberto Blanco Torres", Veciñanza convoca un encontro veciñal aberto. Será o punto de partida do camiño que levará á formación veciñal ás eleccións de maio*

Cuntis. 22 de febreiro de 2019

Veciñanza convoca para o próximo **venres 1 de marzo un encontro veciñal aberto** para reflexionar sobre os retos de futuro de Cuntis. A organización asemblearia prepara deste xeito o camiño cara as eleccións municipais do 26 de maio, facendo un chamamento á participación e á construción colectiva dun proxecto de goberno capacitado e ambicioso para o noso concello. O encontro celebrarase **na Casa da Cultura "Roberto Blanco Torres" ás nove da noite**.

Farase unha valoración xeral da lexislatura que remata e abordaranse os **horizontes** aos que se enfronta Cuntis, así como as posibilidades dun proxecto electoral nacido da aportación de veciños e veciñas do municipio cunticense. Todo, sen por suposto omitir a **autocrítica** e o recoñecemento daqueles erros cometidos ao longo destes catro anos. Este encontro será o punto de partida de cara á elaboración dun programa electoral participativo, no que terán voz todos os sectores veciñais: o asociacionismo, o comercio, a hostalaría, os movementos culturais, o deporte, etc. O proceso interno de Veciñanza confeccionará así mesmo unha **candidatura capacitada e eficaz**, na que se vexan representados todos eses sectores vivos que manteñen o dinamismo no noso día a día.

Veciñanza afronta as eleccións municipais de maio co aval de catro anos de traballo incansable, propostas, ideas e achegas en positivo, coa responsabilidade que cada momento foi esixindo. Dende a oposición, foi o grupo que rexistrou maior actividade e conseguiu marcar en moitos momentos a axenda de necesidades en Cuntis. Fronte a este traballo, Cuntis atravesou unha lexislatura cun goberno feble e cunhas capacidades en cuestión, e un Partido Popular desaparecido por completo e incapaz nestes momentos de ofrecer unha alternativa electoral seria.